

## MULLERES MEDRANDO COMO ARBORES

O Concello de Brión vai conmemorar o día 8 de marzo, día da Muller, cun acto que quere simbolizar a necesidade de que na sociedade actual, enraíce definitivamente a evidencia da igualdade entre xéneros.

Unha figueira, elixida pola capacidade de acoller na súa sombra, alimentar cos seus froitos dende moi pequena, e coidar da saúde coas súas propiedades, quere nesta ocasión ser o símbolo tamén da vida que medra forte e que sae adiante ante calesqueira dificultades.

O Concello expoñerá durante toda a semana unha pequena figueira no Centro Social Polivalente, para que reciba na súa chegada a Brión o agarimo da veciñanza en forma de mensaxes de apoio ás mulleres de todo o mundo. Todos e todas estamos convidados a participar nesta acto.

Despois será plantada en terreos públicos, para que durante moito tempo simbolice o cambio que todos e todas agardamos, e a vexamos medrar forte, autónoma, libre e sen medo.

